

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 4 de setembro de 2006 pola que se modifica a do 4 de maio de 2006 pola que se axudican axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.*

Pola Orde do 4 de maio de 2006 resolveuse a axudicación das axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas. A referida orde publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 19 de maio de 2006.

Revisado o expediente de concesión de axudas e vista a proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### RESOLVE:

Artigo único.-Modificar as axudas concedidas pola Orde do 4 de maio de 2006 que se indican a continuación.

### Disposición única

Esta orde entrará en vigor o seguinte día ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

Centro escolar	Concello	Tipo acción	Título proxecto	Nº profesores
IES a Xunqueira I	Pontevedra	IP	A orientación profes. na escola secundaria	1
IES de Curtis	Curtis	VP	Visita preparatoria a Italia	1
IES Lamas de Castelo	Carnota	VP	Robótica 1593-Carnota	2

Nº Alumnos	País destino	Data inicio	Data fin	Axuda solicitada	Axuda concedida
0	Suíza	3-7-2006	7-7-206	900,00 €	900,00 €
0	Italia	3-5-2006	10-5-2006	900,00 €	880,24 €
0	EEUU	12-5-2006	16-5-2006	2.600,00 €	2.600,00 €

*Orde do 11 de setembro de 2006 pola que se regula a convocatoria para a selección de centros públicos de formación profesional para participar en proxectos de implantación e certificación de calidade no curso 2006-2007.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, baséase en tres principios fundamentais. O primeiro destes principios consiste na existencia de proporcionar unha educación de calidade a toda a cidadanía, en todos os niveis do sistema educativo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, no seu título IV, artigo 17.2º recolle que as administracións públicas han garantir, nos seus respectivos ámbitos, a calidade das ofertas formativas e han cooperar na definición e no desenvolvemento dos procesos de avaliación do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, consonte o que se estableza regulamentariamente, e deberán proporcionar os datos requiridos para a correspondente avaliación de carácter nacional.

Doutra banda, o Plan Galego de Formación Profesional inclúe un plan de implantación de modelos de xestión de calidade en centros ou institucións de formación profesional, onde se recolle que, sen prexuízo da existencia de crecente profesionalización da xestión de centros ou institucións de Formación Profesional, o desenvolvemento da teoría e a práctica da organización (promovido basicamente desde o sector industrial e, posteriormente, tamén desde empresas de servizos) vén presentando desde hai un par de lustros a necesidade de introducir e estender a cultura da calidade en todos os ámbitos dos sectores que xeran produtos e/ou servizos.

De acordo con esta cultura da calidade, a procura, a mellora e a xestión da calidade concíbese como un proceso colectivo que afecta a todos os axentes que interveñen no proceso de produción dun produto ou de prestación dun servizo.

Para alcanzar os obxectivos de modernización e mellora dos centros e dos servizos de educación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levou adiante algunhas experiencias tendentes a introducir políticas de calidade en centros públicos do seu ámbito de xestión, de xeito que permita a mellora continua dos procesos e dos resultados, principalmente os directamente relacionados co proceso de ensino e aprendizaxe. Para iso, nalgúns centros públicos implantáronse sistemas de xestión da calidade baseados na norma ISO 9001:2000, o que levou á obtención da certificación por unha empresa acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). Unha vez acadada esta certificación, os centros de formación profesional deben continuar no proceso de mellora continua mediante un sistema de calidade total, como pode ser o modelo europeo de xestión da calidade EFQM (*European Foundation for Quality Management*) e na elaboración das cartas de servizos.

Por todo isto, por proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, esta consellería

### DISPÓN:

#### 1. Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de centros para participar no proxecto de Implantación e Certificación do Sistema de Xestión da Calidade baseada na norma ISO 9001:2000, co obxectivo de acadar a certificación por unha empresa acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

## 2. Destinatarios.

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional, consonte o que se recolle na presente convocatoria.

Non poderán acollerse a este proxecto aqueles centros que con anterioridade pertencesen a unha rede ou dispuxesen de formación en calidade a cargo desta consellería, agás no caso de cambios dos equipos directivos.

## 3. Participación.

Para participar nesta convocatoria, os centros educativos han presentar unha solicitude de acordo co establecido nos artigos 5º e 6º da presente convocatoria, que deberá ser aprobada pola maioría absoluta (a metade máis un) dos membros do claustro.

## 4. Fases do proxecto.

Os proxectos que se desenvolvan ao abeiro desta orde deberán seguir as seguintes fases:

1. Actividade formativa en calidade dirixida ao profesorado dos centros participantes.

2. Actividade de formación, dirixida ao director ou directora, e á persoa responsable de calidade, que terá como obxecto o deseño do mapa de procesos do centro, consonte a norma UNE EN ISO 9001:2000.

3. Constitución dos equipos de mellora.

4. Implantación do sistema de xestión da calidade.

5. Actividade de formación en auditorías de calidade para o director ou directora, e para a persoa responsable da calidade e dos membros do claustro pertencentes aos equipos de mellora do centro.

6. Auditoría inicial de certificación.

7. Auditorías de seguimento.

8. Poderá participar nas actividades de formación o inspector ou inspectora ao que pertence o centro.

5. A solicitude de participación.

A solicitude de participación no proxecto será elaborada polo equipo directivo do centro e incluirá:

a) Exposición de motivos que impulsan ao centro a participar.

b) Documentos anexos:

1. Certificación do director ou directora do acordo do claustro para participación no proxecto, na que se faga constar o número de votos a favor e en contra, abstencións e de votos nulos. Tamén se indicará o número de membros do claustro con destino definitivo no centro que apoian este proxecto.

2. Proposta dun membro do claustro con destino definitivo no centro como responsable da calidade.

3. Relación de experiencias e actividades realizadas polo profesorado relacionadas coa calidade ou a mellora da práctica da xestión docente.

6. Presentación das solicitudes.

A solicitude presentarase de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das adminis-

tracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixirse ao director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

## 7. Duración do proxecto.

A duración do proxecto concretarase en dous períodos: o primeiro, ata a obtención da certificación por unha empresa certificada por ENAC e nunca por un período superior a tres anos; o segundo, durante o período de validez da certificación.

8. Selección dos centros e composición da comisión.

Para a selección dos centros participantes neste proxecto constituirase unha comisión de valoración, integrada por:

Presidente: o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ou a persoa en quen delegue.

Vogais:

O/a xefe/a do Servizo de Formación Profesional.

O/a xefe/a do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional.

Un inspector ou inspectora por designación da Subdirección Xeral de Inspección Educativa.

Un director ou directora dun instituto de educación secundaria público, certificado en sistemas de xestión de calidade segundo a norma UNE EN ISO 9001:2000.

Secretario/a: un membro do persoal administrativo da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, por designación da persoa titular da devandita dirección xeral.

## 9. Funcións da comisión de selección.

a) Valorar as solicitudes de participación no proxecto dos centros.

b) Propor a resolución provisional desta convocatoria.

c) Publicar a lista provisional dos centros seleccionados, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Educativa e das delegacións provinciais así como na páxina web da Xunta de Galicia no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>.

d) Emitir informe das reclamacións que puidesen presentarse contra a resolución provisional.

e) Propor a relación definitiva da rede de centros participantes no proxecto.

Os centros educativos disporán dun prazo de dez días naturais para presentar reclamación á listaxe provisional perante a comisión de selección polo mesmo procedemento descrito no artigo 6 desta convocatoria.

10. Aprobación definitiva de centros seleccionados.

Tras o estudo e a valoración das alegacións presentadas perante a presidencia da comisión de selec-

ción, o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais resolverá definitivamente sobre a relación de centros pertencentes ao proxecto. Esta resolución deberá facerse pública antes do día 15 de novembro do 2006.

A resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa difusión a través doutros medios.

#### 11. Compromisos dos centros seleccionados.

Os centros seleccionados comprométese a:

a) Desenvolver o proxecto no seu período de duración.

b) Modificar o plan anual do centro co obxecto de adecualo ás características do proxecto que se desenvolva.

c) Participar nas actividades de formación que a Administración educativa programe para o desenvolvemento do proxecto.

d) A dirección do centro remitiralle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ao final de cada curso académico, unha certificación na que conste a persoa responsable da calidade e o profesorado que participará no proxecto.

#### 12. Coordinación do proxecto.

O director ou directora do centro designará unha persoa responsable da calidade, entre o profesorado con destino definitivo no centro, a quen se lle aplicará unha redución horaria de tres horas lectivas, ademais das horas complementarias fixas, consonte a normativa de organización e o funcionamento vixentes.

No caso de centros certificados coa norma UNE EN ISO 9001:2000 a persoa responsable da calidade terá unha redución horaria igual á correspondente á xefatura de estudos.

A persoa responsable da calidade terá as seguintes funcións:

a) Organizar e coordinar os equipos de mellora.

b) Dirixir o deseño e a implantación do sistema de xestión da calidade.

c) Preparar as auditorías do sistema de xestión da calidade.

d) Xestionar o mantemento documental informatizado do sistema de xestión da calidade.

e) Todas aquelas funcións que teñan relación coa implantación do sistema de xestión da calidade.

#### 13. Equipos de mellora.

A definición e o desenvolvemento da documentación realizaranos grupos de profesorado do propio centro constituídos en equipos de mellora.

Os equipos de mellora poderán constituírse a través dos centros de formación e recursos do profesorado, como grupos de traballo.

A participación dos equipos docentes nos equipos de mellora recoñecerase, cun informe previo da dirección do centro, como mérito nos concursos e convocatorias dirixidos ao persoal docente, para os efectos legalmente establecidos.

14. Recoñecemento ao persoal participante no proxecto.

A Administración educativa recoñeceralle ao profesorado, mediante expedición de certificado persoal, as actividades de innovación realizadas no marco desta convocatoria. Tales actividades terán a consideración de formación permanente do profesorado, ao abeiro do punto 2º do artigo 25 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións.

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recoñecerá a participación da persoa responsable da calidade e do director ou a directora como horas de formación para os efectos de promoción retributiva do funcionariado docente: 20 horas por ano.

b) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recoñecerá a participación do profesorado que forma parte no proxecto como horas de formación para os efectos de promoción retributiva do funcionariado docente: 20 horas por ano.

c) Para tales efectos, a persoa responsable da calidade certificará a participación no proxecto do profesorado do centro, co visto e prace do director ou directora. Así mesmo, o director ou directora certificará a participación da persoa responsable da calidade.

d) O director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais certificará ao profesorado daqueles centros que chegasen o final do proxecto.

15. Recoñecemento ao persoal dos centros xa certificados ou en proceso de certificación.

O disposto nos artigos 12, 13 e 14 desta convocatoria será aplicable tamén aos centros certificados e aos que estean en proceso de certificación con anterioridade á publicación desta orde.

#### 16. Difusión.

As delegacións provinciais de Educación darán traslado inmediato e informarán da publicación desta convocatoria a todos os centros docentes de formación profesional do seu ámbito.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para adoptar os acordos e ditar as resolucións que considere oportunas no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Todos os centros integrados de formación profesional deberán participar neste proxecto, agás aquelas que contén con formación previa e manteñan aos equipos directivos.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Nome do centro			Código	
Enderezo			Localidade	
CP		Provincia		Teléfono

Conforme co previsto na Orde do \_\_\_ de \_\_\_ de 2006, para a convocatoria de selección de centros públicos participantes no proxecto de implantación e certificación en sistemas de calidade, este centro solicita participar no dito proxecto e engade a seguinte documentación:

- a) Exposición de motivos que impulsan o centro a participar.
- b) Documentación:
  - a) Certificación do director ou directora do acordo do claustro para participación no proxecto, facendo constar o número de votos a favor e en contra, abstencións e votos nulos. Tamén se indicará o número de profesores con destino definitivo no centro que apoian este proxecto.
  - b) Proposta dun membro do claustro con destino definitivo no centro como responsable da calidade.
  - c) Relación de experiencias e actividades realizadas polo profesorado relacionadas coa calidade ou a mellora da práctica da xestión docente.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2006.

Director/a do centro  
(Sinatura e selo)

Asinado: \_\_\_\_\_  
DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

*Corrección de erros.-Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007, convocados pola Orde do 10 de maio de 2006.*

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no DOG nº 192, do 4 de outubro de 2006, cómpre publicar a seguinte corrección:

No anexo, centros seleccionados, páxina 14.846,

Onde di:

CEIP SAN LUIS ROMERO	15005223	CARBALLO	A CORUÑA	2.500 €	30
----------------------	----------	----------	----------	---------	----

Debe dicir:

CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO	15027393	CARBALLO	A CORUÑA	2.500 €	30
----------------------------	----------	----------	----------	---------	----

Onde di:

LUIS DÍAZ MORENO	27007958	BARALLA	LUGO	2.000 €	30
------------------	----------	---------	------	---------	----

Debe dicir:

CPI LUIS DÍAZ MORENO	27007958	BARALLA	LUGO	2.000 €	30
----------------------	----------	---------	------	---------	----

*Orde do 26 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.*

O Sistema Público de I+D en Galicia, en particular no ámbito do sistema universitario, amosa unha mar-